

III CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

O departamento de Cultura do Concello de Vedra propón o seu III concurso de tarxetas de nadal 2017.

BASES DO CONCURSO:

CONCURSANTES:

Poderán participar todos os nenos e nenas da comunidade educativa de Vedra e tamén todos os nenos e nenas empadroados neste concello nas idades comprendidas neste concurso.

*Cada concursante só poderá participar con unha tarxeta.

* Cada tarxeta deberá ter un único creador ou creadora.

CONDICIÓNS:

As tarxetas serán realizadas nunhas dimensións de 15 x 21 cm (Din A5 / medio folio) e coa única temática do nadal (entendida libremente por cada unha das persoas participantes)

As mesmas deberán ser inéditas e reflectir unicamente a creatividade do autor ou autora.

No reverso deberán figurar os seguintes datos:

* nome, apelidos, idade, centro escolar e teléfono de contacto.

E ademais cuberta e asinada a seguinte autorización:

Don/Dna. _____ con
DNI _____, como pai/nai ou titor/ra da persoa participante, autorizo a
que participe no II Concurso de Tarxetas de Nadal 2016 segundo as bases do dito
concurso co cal estou conforme.

Sinatura,

CATEGORÍAS E PREMIOS:

- Categoría PREESCOLAR (persoas nadas despois do 2014)
- Categoría INFANTÍL ESCOLAR (persoas nadas en 2014 - 2012)
- Categoría 1º E 2º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2012 - 2011)
- Categoría 3º E 4º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2010 - 2009)
- Categoría 5º E 6º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2008 - 2006)

PREMIOS:

* Habará un premio ao mellor traballo de cada categoría.

* De entre todos os traballos recibidos un xurado elixirá a tarxeta que se empregará como felicitación oficial do Concello de Vedra no Nadal de 2017.

*Todos os traballos recibidos serán expostos durante a programación municipal de Nadal do Concello.

PRAZO DE ENTREGA:

As tarxetas deberán presentarse no Departamento de Cultura do Concello de Vedra **ANTES DO 5 DE DECEMBRO**

*Os traballos poden presentarse ben en persoa en horario de luns a venres de 9 a 14 h, ou na seguinte dirección postal:

Concello de Vedra
Avda Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra
A Coruña

ACEPTACIÓN DAS BASES:

O concello de Vedra reservase o dereito de resolver, como considere oportuno, cantas cuestións poidan xurdir da aplicación das presentes bases.

Así como as persoas participantes, polo feito de selo aceptan as presentes bases.

TODA A INFORMACIÓN E BASES Á TÚA DISPOSICIÓN:

No Departamento de Cultura do Concello de Vedra
Tel: 981 814 691 /cultura@concellodevedra.com | www.concellodevedra.com

En Vedra a 2 de novembro de 2017.